

BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL DE INVESTIGACIÓN NON PERMANENTE

REFERENCIA: 2026-07

XUÑO 2026



Contido

1. Obxecto da convocatoria	3
2. Réxime xurídico	3
3. Modalidades de contratación.....	3
4. Sistema de selección.....	4
5. Tribunal de selección	5
6. Requisitos das persoas solicitantes	6
7. Presentación de solicitudes e documentación	7
8. Admisión provisional, alegacións e recursos	8
9. Criterios de Selección.....	10
10. Proposta de contratación e acta de selección	10
11. Empate	10
12. Acreditación	11
13. Cláusula de protección de datos.....	11
14. Eliminación de ficheiros	12
15. Tramitación de urxencia	12



1. Obxecto da convocatoria

As presentes bases teñen por obxecto regular o proceso de selección e contratación dos postos persoal de investigación non permanente do CESGA cuxa financiación, características, retribucións e funcións se detallan nos Anexos I e II da presente convocatoria.

Estos contratos son parte de la actuación CNS2024-154583, financiado por MICIU/AEI/10.13039/ 501100011033.

Esta convocatoria está vinculada a financiamento procedente de convocatorias de axudas públicas en concorrencia competitiva polo que se publicará na páxina web da Fundación CESGA (www.cesga.gal) e no DOG.

2. Réxime xurídico

O persoal de investigación seleccionado ao amparo destas bases rexerase polo disposto na *Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación modificada por Lei 17/2022, de 5 de setembro, pola que se modifica a Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación*, o *Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (ET)*; *Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia*; *Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP)*. Así mesmo, rexerase polo disposto no *Decreto 12/2024, de 11 de xaneiro, polo que se regula a organización, a promoción e a carreira profesional do persoal de investigación de carácter laboral nos organismos de investigación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia* e demais normativa autonómica de aplicación.

3. Modalidades de contratación

Os contratos de traballo realizados ao amparo da vixente normativa axustaranse ás modalidades de contratación previstas na *Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación*, así como na normativa laboral de carácter xeral.

Os contratos subscritos ao amparo da *Lei 14/2011, de 1 de xuño*, formalizaranse baixo algunha das modalidades seguintes:

- **Contrato predoutoral** regulado no artigo 21 da *Lei 14/2011, de 1 de xuño*, cuxo obxecto é a realización de tarefas de investigación, no ámbito dun proxecto específico e novo, para quen estea en posesión do título de Licenciatura, Enxeñería, Arquitectura, Grao de polo menos 300 créditos ECTS (European Crédito Transfer System) ou Mestrado Universitario, ou equivalente, e fose admitido nun programa de doutoramento, tendo este a consideración de persoal investigador predoutoral en formación.
- **Contrato de acceso ao Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación regulado no artigo 22** da *Lei 14/2011, de 1 de xuño* cuxo obxecto é a realización de tarefas de investigación, orientadas á obtención polo persoal investigador dun elevado nivel de perfeccionamento e especialización profesional, que conduzan á consolidación da súa experiencia profesional, realizadas por quen estean en posesión do Título de doutor ou



equivalente.

- **Contrato indefinido de actividades científico técnicas** previsto no artigo 23 bis da *Lei 14/2011, de 1 de xuño*, cuxo obxecto será a realización de actividades vinculadas a liñas de investigación ou de servizos científico técnicos, que se definen como un conxunto de coñecementos, inquietudes, produtos e proxectos, construídos de maneira sistemática ao redor dun eixo temático no que conflúan actividades realizadas por un ou máis grupos de investigación e requirirá o seu desenvolvemento seguindo as pautas metodolóxicas adecuadas en forma de proxectos de I+D+i. Estas liñas figurarán nos Anexos das correspondentes convocatorias.

Os contratos subscritos ao amparo do *Real decreto Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral*, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, formalizaranse baixo a seguinte modalidade:

- **Contrato temporal de persoal de investigación.** Poderán realizarse contratos temporais de persoal de investigación para cubrir necesidades asociadas á estrita execución de proxectos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, ou de fondos europeos non competitivos, polo tempo necesario para a execución dos citados proxectos.

4. Sistema de selección

Conforme ao establecido no artigo 32 do *Decreto 12/2024 do 11 de xaneiro, polo que se regula a organización, a promoción e a carreira profesional do persoal de investigación de carácter laboral* nos organismos de investigación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, a selección realizarase por concurso de valoración de méritos, garantindo os principios de igualdade, mérito e capacidade así como os establecidos no artigo 33 do *Decreto 12/2024, de 11 de xaneiro* :

1. A publicidade e transparencia das convocatorias.
2. A imparcialidade e profesionalidade dous integrantes do tribunal de selección.
3. A independencia e discrecionalidade técnica na actuación do tribunal de selección.
4. A adecuación e proporcionalidade entre o contido dos procesos selectivos e das funcións ou tarefas a desenvolver.
5. A axilidade sen menoscabo da calidade e a obxectividade.

O proceso de selección da persoa candidata estará composto por unha serie de etapas, que poderá variar en función das características de cada convocatoria, segundo se determine no correspondente Anexo II. En todo caso, o limiar de solvencia de cada etapa non poderá ser inferior a 50% do puntuación total. A secuencia das ditas etapas seguirase conforme á orde establecida no devandito anexo e contarán coas características que se indican a continuación.

- Valoración Curricular: Poderase valorar o currículo achegado polos/as aspirantes, de acordo co baremo establecido no Anexo II.
- Valoración da Memoria: Poderase valorar a memoria presentada, cuxo contido estará especificado no Anexo II.



- Proba práctica: Poderanse valorar coñecementos técnicos, lingüísticos, científicos ou específicos en ferramentas e metodoloxías relevantes para o ámbito da investigación e a tecnoloxía. Estes coñecementos poderán acreditarse nos termos recollidos no Anexo II para cada un dos postos ofertados.
- Entrevista Individual: Os/as candidatos/as poderán ser convocados a unha entrevista individual, que poderá desenvolverse en inglés, castelán e/ou galego. Esta entrevista terá como obxectivo -entre outros- aclarar e afondar na formación e traxectoria profesional do candidato/a, avaliar a súa visión sobre a posición que aspira a ocupar e valorar as súas habilidades e competencias, e outros aspectos que a xuízo do tribunal resulten relevantes para o posto.

Unha vez rematada cada etapa, procederase á publicación da listaxe informativa de persoas que superan o limiar de solvencia e, por tanto, continúan no proceso.

As puntuacións e a resolución definitiva do proceso faranse públicas exclusivamente ao remate do proceso selectivo, momento no que se abrirá o prazo legal para a interposición dos recursos que procedan.

5. Tribunal de selección

1. A composición do tribunal terá que ser informada favorablemente pola Axencia Galega de Innovación, e deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus compoñentes. Deberá respectarse o principio de presenza equilibrada de mulleres e homes.
2. O xerente do CESGA -ou persoa en quen delegue-, por proposta da persoa responsable do Proxecto, Grupo, Contrato ou Convenio designará ás persoas integrantes do tribunal, que poderá estar integrado na súa totalidade por persoal do centro con vinculación estable, ou por profesionais con vinculación fixa noutras administracións públicas, persoas expertas na área correspondente e de titulación igual ou superior á praza convocada.

Previa xustificación motivada en base ás condicións singulares do proxecto, poderán formar parte do tribunal persoas españolas ou estranxeiras, teñan ou non relación de servizo coa Fundación CESGA (independentemente do tipo de relación), cunha traxectoria profesional acreditada en investigación, desenvolvemento experimental, transferencia de coñecemento e/ou innovación no ámbito obxecto da convocatoria.

O tribunal terá a composición seguinte:

- a) Presidente/a
- b) Secretario/a
- c) Catro vogais, que deberán ser expertos/as do ámbito altamente cualificados/as no campo científico ou técnico, e con coñecementos avanzados no ámbito temático da convocatoria, dos que polo menos dous/dúas deberán estar en posesión da titulación de doutor.

O tribunal adoptará medidas que inclúan a protección dos dereitos de autoría e propiedade intelectual dos traballos e resultados, garantindo, sempre que sexa posible, a non divulgación e confidencialidade destes.



3. Para a válida constitución do tribunal, aos efectos de realización de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza in situ ou por videoconferencia ou audioconferencia, de polo menos a metade dos seus membros, con presenza en todo caso do/o presidente/a e do/o secretario/a.
4. O procedemento de actuación do tribunal axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, na *Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público* e ao resto do ordenamento xurídico.
5. Para efectos de comunicación e incidencias, o tribunal terá como sede as oficinas da Fundación CESGA sitas na Avenida de Vigo, s/n (Campus Universitario Sur) – 15705 Santiago de Compostela.

6. Requisitos das persoas solicitantes

Poderán solicitar a súa participación nas correspondentes convocatorias públicas para realizar este tipo de contratacións as persoas que reúnan os seguintes requisitos mínimos:

- a) Ter nacionalidade española, nacionalidade de estado membro da Unión Europea, ou calquera outra á que as normas do Estado atribúan iguais dereitos a efectos laborais na Administración Pública. Poderán concorrer igualmente estranxeiros non comunitarios, vinculando a formalización do contrato á obtención do permiso de traballo, de acordo co disposto na *Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social e disposicións regulamentarias de aplicación*.
- b) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito. Nas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.
- c) Quen non estando incluídos nos parágrafos anteriores se atopen residindo en España en situación de legalidade, sendo titulares dun documento que lles habilite a residir e a poder acceder sen limitacións ao mercado laboral.
- d) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- e) Cumprir as condicións académicas ou de titulación esixidas para cada posto. Tendo en conta que as tarefas a realizar limitaranse á colaboración no marco dun proxecto de investigación obxecto do contrato de carácter non permanente e que non supoñen o exercicio dunha profesión regulada, poderán participar no proceso selectivo os aspirantes que estean en posesión dun título de carácter oficial expedido por unha universidade estranxeira, aínda que non estea homologado nin conte cunha declaración de equivalencia. En todo caso, os aspirantes seleccionados deberán entregar a documentación requirida no apartado Acreditación antes da sinatura do contrato.
- f) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.
- g) Non ser separado nin despedido, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das



Comunidades Autónomas, nin atoparse inhabilitada para o desempeño de funcións públicas.

No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria que impida o acceso ao emprego público no seu Estado.

- h) Requisitos particulares: os indicados en cada convocatoria.

Todos os requisitos anteriores deberán posuírse no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manterse ata o momento da formalización dos correspondentes contratos.

7. Presentación de solicitudes e documentación

1. As persoas solicitantes deberán **obligatoriamente enviar asinado o Modelo de Solicitud** incluído no **Anexo I** das presentes bases, que incorpora o modelo de datos persoais para cumprimento do *Regulamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo e del Consello de 27 de abril de 2016 (GDPR)*, *Lei Orgánica de Protección de Datos e Garantía de Dereitos Dixitais (LOPDGDD, da Lei 3/2018 de 5 de decembro)*, que inclúe a Declaración responsable de reunir os requisitos esixidos para poder participar na convocatoria, **así como a documentación requirida no Anexo II**.
2. A presentación de solicitudes poderá facerse a través das seguintes vías:
 - A través dun formulario na web do CESGA.
 - No rexistro electrónico da Administración ou organismo ao que se dirixan, así como nos restantes rexistros electrónicos de calquera dos suxeitos aos que se refire o artigo 2.1 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.
 - Nas oficinas de Correos, nos termos establecidos no apartado 3 deste artigo.
 - Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro.
 - Nas oficinas de asistencia en materia de rexistros.
3. Os medios específicos para a presentación das solicitudes, a través de calquera dos medios indicados no apartado anterior, serán os que se detallan a continuación:
 - a. Para a presentación mediante a propia **páxina web do CESGA**, a solicitude poderá enviarse a través da páxina web do CESGA, onde estará habilitado un formulario no que se deberán indicar datos básicos do solicitante e a convocatoria á que se presenta. Así mesmo, deberá achegar tanto o Anexo I completo como a documentación requirida no Anexo II das bases da convocatoria á que se presenta. Toda a documentación deberá achegarse en formato PDF e só se considerarán válidas aquelas solicitudes recibidas no CESGA antes da data límite establecida.
 - b. Para a presentación polo **rexistro electrónico** das solicitudes a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (www.sede.xunta.gal), deberá achegar tanto o Anexo I firmado dixitalmente como a documentación requirida no Anexo II das bases da convocatoria á que se presenta, documentación que deberá estar accesible no portal web da Fundación CESGA (www.cesga.es). Para a presentación poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, (Chave365, Certificado Electrónico ou Cl@ve/Cidadáns UE) . No cadro “Asunto relacionado” do formulario



PR004A, deberá indicarse “Solicitud para a participación na convocatoria do proceso selectivo xxx , no posto de referencia xxx” (copiar as referencias do posto no que desexa participar publicadas no Anexo II das Bases da convocatoria). Se quere optar a varias prazas, ten que enviar unha solicitude independente por cada praza. Se se ofertan varias vacantes para un mesmo tipo de posto, indique todas as referencias seleccionadas.

O destinatario da solicitude será o CESGA (Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia). Para elo haberá que indicar no despregable a “Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional” e o “Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA)”.

- c. Por **correo postal**, presentaranse ou remitiranse por correo certificado ás oficinas da Fundación CESGA sitas na Avenida de Vigo, s/n (Campus Vida), Santiago de Compostela, 15705 A Coruña, indicando no sobre a referencia do posto que apareza no Anexo II destas bases. Tamén deberá achegarse por correo electrónico a emprego@cesga.gal copia do modelo da solicitude firmada e do certificado de correos.

En todos estes casos a dirección que figure nas solicitudes considerárase como a única válida aos efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do/a aspirante tanto un erro na súa consignación como a comunicación á Fundación, de calquera cambio nela.

4. O **prazo de presentación** de solicitudes estará establecido no Anexo II do concurso. No caso de que o último día de presentación de solicitudes fose sábado ou festivo, o prazo entenderase prorrogado ata o seguinte día hábil. As datas de fin de prazo estarán sempre referidas ata as 14:00 horas.

8. Admisión provisional, alegacións e recursos

1. A publicación das resolucións que aproben as listas provisionais e definitivas das persoas solicitantes admitidas para participar nas convocatorias, así como as resolucións de adxudicación dos contratos ofertados, faranse públicas no portal web do CESGA (www.cesga.gal). As listaxes de persoas aspirantes admitidas e excluídas indicarán os apelidos, nome e catro cifras numéricas aleatorias do documento nacional de identidade, e as causas de exclusión que procedan.
2. A presentación de alegacións e recursos, así como as notificacións ás persoas interesadas do resultado destes, deberán realizarse por algunha das seguintes vías, con achega dos correspondentes documentos asinados electronicamente, de acordo coa normativa vixente sobre sinatura e identificación electrónica:
 - a. Por vía electrónica mediante o formulario na páxina web do CESGA
 - b. Nos rexistros electrónicos de calquera dos suxeitos aos que se refire o artigo 2.1 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*, utilizando o Modelo de Alegación (Anexo III) que deberá estar accesible no portal web da Fundación CESGA (www.cesga.gal). Para a presentación electrónica das solicitudes poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e chave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).



- c. Nas oficinas de Correos, nos termos establecidos no apartado 3 deste artigo.
 - d. Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro.
 - e. Nas oficinas de asistencia en materia de rexistros.
3. Establécense os seguintes prazos para alegacións e recursos en cada fase do procedemento:

FASE	PAZO
Resolución provisional de persoas admitidas e excluídas	Cinco (5) días hábiles partir do día seguinte da publicación da praza
Resolución provisional de puntuación final	Cinco (5) días hábiles partir da publicación da resolución provisional

Esta adxudicación provisional terase por aceptada cando unha vez proposta a persoa adxudicataria os restantes admitidos ao concurso non efectúen alegacións ou comuniquen o desestimento da súa solicitude.

4. Resoltas as alegacións presentadas contra a resolución provisional de adxudicación, publicarase a relación definitiva cos apelidos, nome e catro cifras numéricas aleatorias do documento nacional de identidade a través da páxina web da Fundación (www.cesga.gal). Na devandita resolución de adxudicación figurará a persoa adxudicataria do posto e as persoas que integren as listas de reserva, no seu caso. Esta resolución do procedemento esgotará a vía administrativa. En caso de renuncia dun adxudicatario, a súa praza poderá ser ocupada polo/pola suplente da lista de reserva correspondente segundo a orde establecida na resolución.
5. As persoas aspirantes excluídas, ou aquelas que non figuren nin como admitidas nin como excluídas, disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión. O prazo contarase a partir do seguinte ao da publicación das listaxes no portal web corporativo do CESGA (www.cesga.gal).
6. A estimación ou desestimación das devanditas peticións de correccións entenderanse implícitas nunha nova resolución pola que se aprobarán as listaxes definitivas de persoas aspirantes admitidas e excluídas que se publicarán no portal web corporativo do CESGA (www.cesga.gal).
A resolución que eleve a definitiva a lista de persoas admitidas e excluídas porá fin á vía administrativa para os excluídos e contra a mesma poderase interpor recurso de reposición ou recurso contencioso-administrativo, de acordo co previsto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*, e na *Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativo*.
7. O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superar o proceso selectivo se desprenda que non posúen algúns dos requisitos, as persoas aspirantes decaerán en todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación.
8. O tribunal de selección proporá ao órgano convocador declarar deserta a praza obxecto do concurso cando todas as candidaturas fosen consideradas non idóneas.



9. Criterios de Selección

1. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes e unha vez publicadas as listas definitivas de persoas admitidas e excluídas ao proceso de selección, procederase á avaliación das candidaturas conforme aos criterios específicos recollidos no Anexo II do concurso. Con carácter xeral, a avaliación poderá ter en conta, entre outros aspectos:
 - A experiencia académica e/ou profesional relacionada coas funcións do posto.
 - A formación específica vinculada aos requisitos do contrato.
 - A traxectoria científico-técnica e os méritos relacionados co ámbito do posto ofertado.
 - Os coñecementos técnicos, idiomáticos, competencias e habilidades, que poderán ser avaliados mediante proba específica.
2. O tribunal non valorará os méritos daquelas persoas candidatas que non cumpran cos requisitos establecidos no Anexo II. Tampouco valorarán aqueles méritos que non resulten suficientemente xustificadas en atención á documentación presentada.
3. En cada etapa de valoración, dentro da fase de avaliación, establecerase un limiar de solvencia, sempre superior ao 50%, para superar dita etapa, segundo establecido no Anexo II.
4. O tribunal de selección propoñerá ao órgano convocante declarar deserta a praza cando ningunha das persoas aspirantes cumpra cos requisitos mínimos e/ou non alcancen os limiares de solvencia establecidos na convocatoria correspondente. En tal caso, abrírase un novo prazo para a presentación de solicitudes, sen necesidade de nomear un novo tribunal nin realizar unha nova convocatoria, manténdose as mesmas condicións e requisitos establecidos inicialmente na convocatoria.

10. Proposta de contratación e acta de selección

1. O tribunal seleccionará as solicitudes e elevará ao xerente do CESGA ou persoa en quen delegue a proposta de contratación da/s persoa/s candidatas que obtivesen maior puntuación. Poderá propor a non-provisión da praza convocada se na avaliación das persoas candidatas se observase que ningunha delas reúne as condicións do perfil e/ou os requisitos mínimos solicitados na convocatoria, así como se se observase incongruencia insalvable entre os méritos achegados e a documentación presentada.
2. O/a Secretario/a levantará acta da sesión do Tribunal e recollerá, explicitamente, a orde priorizada das persoas solicitantes a efectos da súa posible substitución en caso de renuncias ou reclamacións.

11. Empate

En caso de empate na puntuación, resolverase a favor da persoa aspirante pertencente ao xénero menos representado no conxunto do persoal da entidade.

De persistir o empate, dirimirase a favor da persoa que obtivese maior puntuación nos méritos enumerados nas bases da convocatoria pola orde establecida nos mesmos e en último lugar por orde alfabética do primeiro apelido e de ser igual polo segundo, a partir da letra establecida na Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública de 31 de xaneiro de 2024 (DOG número 29, de 9 de febreiro de 2024) pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. En último lugar, o empate dirimirase por sorteo entre as persoas implicadas.



12. Acreditación

1. A/as persoa/s que resulten propostas para a contratación deberán presentar a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos e dos méritos baremables na fase de concurso e restante documentación adicional incluída no Anexo II a través dos medios establecidos previamente no apartado *Presentación de solicitudes e documentación*.

As persoas seleccionadas que estean en posesión dun título estranxeiro non homologado ou sen declaración de equivalencia, deberán entregar, no momento da sinatura do contrato:

- A solicitude para obter a declaración de equivalencia á titulación e ao nivel académico esixidos para a convocatoria na que foron seleccionadas, ou a homologación correspondente.
- O título legalizado por vía diplomática ou, se é o caso, mediante a apostila do Convenio de A Haia. Este requisito non será esixible para os documentos expedidos por autoridades dos Estados membros da Unión Europea, do Espazo Económico Europeo ou de Suíza.
- O título deberá estar acompañado, se procede, da correspondente tradución oficial ao galego ou ao castelán.

A persoa contratada asinará o contrato de traballo condicionado á obtención da declaración de equivalencia ou homologación, e deberá comunicar a concesión ou denegación da mesma. A denegación será causa de rescisión do contrato.

2. O tribunal de selección realizará cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, incluíndo a acreditación documental de calquera dos méritos achegados na solicitude. Se do exame das solicitudes e a documentación presentada desprendécese que as mesmas omiten información esencial para o proceso de avaliación ou conteñen información ou datos inexactos, contraditorios, incongruentes ou falsos, o tribunal de selección poderá excluír dita solicitude do procedemento, mediante escrito no que se fará constar tal circunstancia.

13. Cláusula de protección de datos

1. De conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que a Fundación CESGA é a responsable do tratamento dos datos, podendo contactar co Delegado de Protección de Datos, na seguinte dirección de correo electrónico: rgpd@cesga.es. A finalidade da recollida e tratamento da información é a xestión da presente convocatoria.
2. Así mesmo, faise constar que a Fundación CESGA non cederá ou comunicará os seus datos persoais, salvo nos supostos legalmente previstos ou cando fora necesario para a prestación do servizo, e que os datos serán conservados aínda despois de que cesase a relación coa Fundación CESGA, durante o tempo que poidan ser requiridos por control ou fiscalización da



entidade pública competente. En calquera momento os interesados poderán exercer os dereitos de Acceso, Rectificación, Supresión, Oposición, Limitación ou Portabilidade. Para exercer os dereitos deberase de presentar un escrito na dirección arriba sinalada especificando cal destes dereitos solicita sexa satisfeito e, á súa vez, deberá acompañarse da fotocopia do DNI ou documento de identificación equivalente. No caso de que actuase mediante representante, legal ou voluntario, deberá achegar tamén documento que acredite a representación e documento de identificación do mesmo.

14. Eliminación de ficheiros

Informarase ás persoas participantes que a documentación presentada xunto coa súa solicitude de participación permanecerá nos arquivos da Fundación CESGA o tempo que marque a normativa de aplicación.

15. Tramitación de urxencia

Por razóns de interese público, en concreto para a correcta execución e xustificación dos fondos europeos, do Plan Nacional de Recuperación e Resiliencia, e de todos aqueles fondos que financian os proxectos de investigación que financian as prazas obxecto da convocatoria, poderase acordar a tramitación de urxencia dos procesos de selección. Neses supostos e de acordo co establecido no artigo 33 da lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderanse reducir á metade os prazos establecidos para o procedemento ordinario, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos.

En Santiago de Compostela á data da sinatura dixital

Ignacio López Cabido
Xerente

